



**Asunto:** resposta á solicitude de informe sobre o impacto de xénero para a súa incorporación ao Orzamento do ano 2025

**Dirixida a:** Dirección Superior Contable e Orzamentación

**Expte.:** 90/142

## ANTECEDENTES

En data 05.07.2024 trasládase á xefatura do Servizo de Igualdade o informe da Área de Orzamentos e Facenda, no que se require deste servizo a emisión de informe sobre o impacto de xénero para incorporar na documentación que conforma o Orzamento local do ano 2025.

En concreto, solicítase que o informe conteña a seguinte información:

*“Na información sobre os programas e as dotacións orzamentarias figuran aqueles/as que poden ter impacto de xénero, identificando aquelas que teñen destinatarios singulares por razón de xénero masculino ou feminino, así como políticas orzamentarias e accións desenvolvidas que se manteñen no Orzamento do ano 2025 para esta finalidade.*

*Inclúese os programas: Benestar Social, Igualdade, Deportes, Normalización lingüística, Educación, Cultura.*

*Deberase ter en conta o número de usuarios ou beneficiarios por xéneros das accións previstas tendo en conta a información enviada e a coñecida.*

*Para concretar as medidas, deberase incorporar datos ou accións concretas conducentes a reducir o impacto de xénero.”*

Coa información complementaria que remita a Dirección Superior Contable e Orzamentaria municipal a este órgano xestor (partidas orzamentarias e gasto previsto para o exercicio 2025 dos seguintes servizos: **Benestar Social, Cultura, Deportes, Educación, Desenvolvemento Local e Emprego, Igualdade, Xuventude, Normalización Lingüística e Participación Cidadá**) o Servizo de Igualdade non pode realizar unha análise do impacto de xénero sobre as accións desenvolvidas por eses departamentos, agás a do propio Servizo de Igualdade. O motivo é que só teremos información da denominación das partidas de gasto e orzamento previsto, pero este Servizo descoñece a identificación das accións e programas que se desenvolven en cada unha das partidas, a súa finalidade, as persoas destinatarias, o grao de execución dos obxectivos previstos, o emprego da perspectiva de xénero durante a programación e execución da acción, etc., e polo tanto, descoñecemos o impacto de xénero que ten cada unha das accións e programas correspondentes ás partidas de gasto que xestionan outros Servizos ou outras Unidades administrativas.

A avaliación do impacto de xénero de todas as políticas públicas que realiza o Concello a través da xestión destes servizos será, por tanto, imposible de realizar e incluír no informe anual que realiza o Servizo de Igualdade sen a colaboración de todos os Departamentos/Servizos/Unidades antes mencionados.

Por este motivo, e tal e como se impulsou nos exercicios anteriores, co obxecto de mellorar o traballo e que este documento sexa o máis completo posible, propónse á Área de Orzamentos e Facenda que solicite un informe de impacto de xénero a cada un dos servizos citados anteriormente e que, unha vez recibidos, nolos remita con tempo suficiente para engadir e integrar eses datos no informe que elabore Igualdade.



SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



Co coñecemento propio e a achega dos distintos servizos, este documento será máis completo e polo tanto máis útil de cara á identificación das partidas e programas municipais que contribúen á avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria, sen prexuízo de que a estrutura do informe sexa obxecto dunha evolución no futuro.

Dado que o prazo que se establece para a emisión do informe final de impacto de xénero sobre o proxecto de Orzamento do exercicio 2025 é anterior ao remate do mes de setembro, faise preciso que os Servizos e Unidades administrativas que vaian formar parte deste informe remitan ao Servizo de Igualdade o seus informes previos antes do 10 de setembro.

## PROPOSTA

No caso de que por parte da Área de Orzamentos e Facenda se valore solicitar os informes previos de impacto de xénero aos correspondentes servizos, propónse a seguinte metodoloxía a seguir:

Os servizos xestores deberán reflectir nos seus informes os programas que só teñan impacto de xénero positivo. Considérase que, cando menos, sería necesario que cada servizo recolla nos seus informes a identificación dos nomes das accións, identificación da partida de gasto á que corresponde, orzamento, e unha sucinta recollida de datos (entre a que se debe atopar, como mínimo: o núm. de persoas usuarias/beneficiarias das accións desagregado por sexo, indicación do criterio ou criterios que cumpre a acción para considerar que ten impacto de xénero positivo (véxase exemplo de criterios a continuación) e datos que poidan recabar os servizos sobre os indicadores de xénero que, a modo de exemplo e sen carácter exhaustivo, propoñemos.

Hai que ter en conta que, moitas veces, malia que a igualdade de xénero non é o obxectivo principal do programa, mediante o desenvolvemento da acción pódese contribuír a esta. Considérase, por tanto, que ten un impacto positivo indirecto na igualdade de xénero. Este tipo de impacto será o máis habitual entre os programas desenvolvidos polos servizos municipais sen competencias directas en materia de igualdade.

**Como anexo a este informe, incorpórase un guión/esquema que, co obxecto de unificar a información recibida, pode servir como modelo (coas adaptacións que considere realizar cada servizo xestor) para a elaboración do informe de impacto de xénero por parte de cada Departamento/Servizo/Unidade.**

No seguinte enlace, os distintos servizos poden consultar o “Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o exercicio 2024”, que emitiu o Servizo de Igualdade integrando a información facilitada polos departamentos municipais aos que a Dirección Superior Contable e Orzamentaria solicitoulles informe no exercicio anterior:

[https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/informe\\_INFORME%20DE%20IMPACTO%20DE%20XENERO.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/informe_INFORME%20DE%20IMPACTO%20DE%20XENERO.pdf)

### Criterios que se poden ter en conta:

As accións desenvolvidas responden a algún dos seguintes criterios? Se a resposta é afirmativa, deberase incluír esa acción no informe, indicando a que criterio responde pois terá impacto positivo (normalmente de carácter indirecto):

1. Emprégase unha linguaxe e unha imaxe inclusiva e igualitaria en todo soporte material e audiovisual no desenvolvemento, organización, difusión e execución das súas actividades sen manifestar estereotipos de xénero: utiliza imaxes que visibilicen a achega de mulleres nas



Copia do documento - Concello de Vigo  
90-142

Data impresión: 15/07/2024 08:34

Páxina 2 de 7

CSV: A6AE5C-B8EF5E-CAE959-5VUPD4-DLUFGS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar, ou visibiliza a homes en facetas de coidados e domésticas, ou promove a visibilidade e proporcionalidade da representación de homes e mulleres.

- Os programas ou accións incorporan medidas que inciden na transformación de roles e estereotipos de xénero.
- Os programas ou accións incorporan medidas que inciden na promoción do acceso das mulleres aos recursos (recursos económicos, uso do tempo, goce de dereitos e participación) ou nunha redistribución máis equitativa destes.
- O servizo dispón de datos desagregados por sexo e téñense en conta na planificación e na avaliación do programa.

**Indicadores que se poden ter en conta para medir o impacto de xénero das accións:**

- % de mulleres/homes beneficiarias/usuarias dos programas municipais
- % de mulleres/homes que acceden a axudas económicas/subvencións, contratos, etc.
- Contía total percibida por mulleres e por homes nas axudas/subvencións, contratos, etc.
- % de mulleres/homes que desenvolven actividades municipais como creadoras, artistas, deportistas, comisarias de exposicións, monitorado de talleres, formadoras, etc.
- Núm. de persoas destinatarias de campañas de promoción da igualdade e da prevención da violencia de xénero nos distintos ámbitos de cada área, etc.
- % de mulleres/homes que participan en campionatos, torneos, actividades deportivas, etc.
- % de actividades formativas que inclúen contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes
- Núm. de prazas ofertadas en servizos de conciliación/núm. de prazas solicitadas (servizos tales como escolas infantís, ludotecas, centros de día, campamentos, etc.)
- Núm. de horas ofertadas en servizos de conciliación
- Grao de satisfacción co programa por sexo (aspectos: uso, agrado, recomendacións, etc.)
- Núm. de mulleres/homes contratados para o programa
- % de mulleres e homes por categoría profesional contratados/as no programa
- Núm. de horas de uso do servizo do programa por sexo
- Existencia de infraestruturas nos servizos que permitan acudir acompañada/o de persoas dependentes (menores, maiores, etc.) SI/NON

**Son exemplos de medidas con impacto de xénero positivo as seguintes:**

- Medidas que favorecen a eliminación de roles e estereotipos:
  - Deseño de programación cultural que inclúa criterios de visibilidade e impulso das mulleres como creadoras, actuacións que promovan mensaxes que rompan cos estereotipos de xénero e/ou que teñan en conta as achegas das mulleres ao longo da historia en distintos ámbitos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/07/2024 08:34	Páxina 3 de 7
90-142	CSV: A6AE5C-B8EF5E-CAE959-5VUPD4-DLUFGS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Impulso de deportes feminizados para darlle máis valor e visibilidade, fomento da participación das mulleres en deportes onde conten con pouca representación, crear referentes femininos na práctica deportiva.
- Campañas, elaboración de materiais didácticos, folletos, cartelería, contidos en páxinas web, etc., que inclúan a utilización dunha linguaxe e unha imaxe inclusiva, sen manifestar estereotipos de xénero, promovendo a visibilidade e proporcionalidade da representación de homes e mulleres, e que ofrecen referentes femininos nos ámbitos nos que están subrepresentadas as mulleres.
- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento dos proxectos, a organización, difusión e execución das actividades.
- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- Campañas ou programas de fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes, actividades que poñan en valor os traballos de coidados no sostemento da economía, por exemplo: introdución de contidos transversais con esta temática nos xogos e actividades dirixidas á poboación infantil nos campamentos, actividades en ludotecas, contacontos, introdución de libros con perspectiva de xénero nas bibliotecas e en actividades de animación á lectura, escolas de nais e pais onde se promova a corresponsabilidade nos coidados, programación de actividades culturais (exposicións, obras teatrais, proxeccións de filmes...) que aborden esta temática.
- Programación de actividades dirixidas ao público infantil onde se promova un xogo libre de estereotipos.
- Campañas ou programas de sensibilización sobre a violencia de xénero nos distintos ámbitos de referencia (prevención do acoso sexual no ámbito do emprego, prevención da violencia sexual no ámbito de festivais ou concertos, etc.).
- Accións formativas, obradoiros, charlas, etc., que inclúan formación específica en igualdade de xénero ou que a integren de forma transversal nos seus contidos, por exemplo, en programas de formación no ámbito do emprego.
- Medidas que favorecen a promoción das mulleres no acceso a recursos:
  - Accións de formación, capacitación e orientación para a promoción do emprego das mulleres e do emprendemento feminino, accións dirixidas a reducir a brecha dixital de xénero (talleres, cursos, etc.).
  - Medidas de promoción da saúde que teñen en conta as diferencias entre mulleres e homes.
  - Programación de actividades tendo en conta as necesidades de conciliación familiar das persoas destinatarias para favorecer a participación das mulleres, por exemplo: programar accións formativas no ámbito do emprego en horarios lectivos e, para horarios non lectivos, organizar, contratar ou derivar a un servizo de coidados de persoas dependentes ou menores, valorar nos itinerarios de inserción de cada persoa as necesidades de conciliación, etc. Para o caso de instalacións e servizos de atención ao público, contar con espazos acondicionados e habilitados nos que as persoas usuarias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/07/2024 08:34	Páxina 4 de 7
90-142	CSV: A6AE5C-B8EF5E-CAE959-5VUPD4-DLUFGS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



poidan acudir acompañadas de persoas dependentes: espazos con xogos, amables para os nenos e nenas pequenas, espazos sen barreiras arquitectónicas aos que poidan acceder persoas maiores ou con diversidade funcional. Estas medidas facilitarán ás mulleres o acceso aos servizos e recursos, tendo en conta o rol de cuidadoras que aínda persiste.

- Inclusión de cláusulas ou criterios que favorezan o acceso das mulleres, en especial das que sofren múltiples discriminacións, aos recursos públicos, por exemplo: criterios de prioridade, puntuación ou reserva de prazas para mulleres en situación de vulnerabilidade nas convocatorias de axudas ou acceso a servizos (escolas infantís, axudas de libros e material escolar, etc.).
  - Uso de cláusulas sociais de igualdade na contratación pública (promoción de plans de igualdade nas empresas, fomento de medidas de conciliación, prevención do acoso sexual e laboral, fomento do emprego das mulleres, etc.).
  - Establecemento de cláusulas de promoción da igualdade nos requisitos e/ou nos criterios recollidos nas convocatorias de subvencións, por exemplo: obriga de emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista e inclusiva, puntuación por pertenza a unha situación de vulnerabilidade (familia monomarental, escasos ingresos, etc.).
  - Programas ou servizos dirixidos a cubrir as necesidades prácticas das mulleres tendo en conta que as mulleres aínda asumen, de forma maioritaria, o traballo de cuidados, supoñen a maior parte das familias formadas por unha única persoa proxenitora e, na actualidade, son as que ocupan maior parcialidade no emprego, baixos salarios e precariedade económica. As medidas dirixidas a cubrir estas necesidades e favorecer a inclusión destes colectivos terán un impacto de xénero positivo (malia que non se dirixan especificamente ás mulleres), por exemplo: aumento de prazas en escolas infantís, centros de día para persoas maiores, servizos, programas ou recursos de apoio a persoas cuidadoras, axudas para favorecer o emprego e/ou formación de colectivos vulnerables, etc.
  - Planificación urbanística, mobilidade, dotación, reforma e/ou mantemento de equipamentos públicos que integren a perspectiva de xénero, é dicir, que teñan en conta os aspectos que inflúen no tempo, participación social e económica e seguridade das mulleres.
- Medidas que favorecen o fomento dunha representación equilibrada de mulleres e homes nos espazos de poder e toma de decisións:
    - Promoción da participación das mulleres na vida asociativa da cidade.
    - Promoción do principio de presenza equilibrada e participación feminina en órganos directivos e de representación de organismos públicos e privados.

## CLASIFICACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO

### IMPACTO DE XÉNERO POSITIVO:

- Impacto directo: aqueles programas que teñen por finalidade a igualdade de oportunidades e/ou inciden directa e fundamentalmente nas mulleres. Trátase de intervencións que contribúen a modificar as causas e os efectos da desigualdade de xénero e que se poden clasificar nos seguintes grupos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/07/2024 08:34	Páxina 5 de 7
90-142	CSV: A6AE5C-B8EF5E-CAE959-5VUPD4-DLUFGS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



- Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos.
- Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Impacto indirecto:** programas nos que a igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta: porque promove de forma transversal valores sociais de igualdade na realización da acción, porque integra a colectivos vulnerables ou porque dirixe as súas accións a cubrir necesidades prácticas das mulleres.

**IMPACTO DE XÉNERO NEGATIVO:** cando non se prevexa unha eliminación ou diminución das desigualdades detectadas e non contribúa ás políticas de igualdade.

**IMPACTO NON IDENTIFICABLE:** gastos de tipo administrativo, destinados ao mantemento do servizo interno ou esenciais para o seu mantemento. Considérase que o impacto, coa información da que se dispón, non pode ser identificado.

**IMPACTO NULO:** cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevexa modificación algunha desta situación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- Ana Laura Iglesias González.

[Resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2023, modificada polas Resolucións do 28 de xuño de 2023 e do 28 de xuño de 2024 e posterior corrección de erros do 1 de xullo de 2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2023, modificada pola Resolución do 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023, modificado polos Acordos do 28 de xullo de 2023 e do 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)]



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2024 08:34

Páxina 6 de 7

90-142

CSV: A6AE5C-B8EF5E-CAE959-5VUPD4-DLUFGS-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE  
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO  
DE VIGO



## ANEXO

Guión/esquema que, co obxecto de unificar a información recibida, pode servir como modelo para a presentación do informe de impacto de xénero por cada servizo.

### INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO PARA A INCORPORACIÓN AO INFORME XERAL DE IMPACTO DE XÉNERO DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2025

Nome do Servizo: \_\_\_\_\_

Orzamento total previsto para o exercicio 2025: \_\_\_\_\_

É necesaria, cando menos, a seguinte información por cada acción que se identifique con impacto de xénero positivo:

#### POR CADA ACCIÓN:

1. Identificación da acción: \_\_\_\_\_

2. Nome partida: \_\_\_\_\_ partida orzamentaria: \_\_\_\_\_

Orzamento da acción: \_\_\_\_\_

3. Breve descrición da acción e finalidade que persegue:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4. Clasificación do impacto: \_\_\_\_\_

5. Criterio ou criterios polos que o servizo considera que a acción ten impacto de xénero positivo

6. Núm. de persoas beneficiarias desagregadas por sexo (último exercicio pechado)

7. Outros datos que se poden extraer ou obter da acción, empregando algúns dos indicadores facilitados, ou outros que considere o servizo que mellor se adaptan ao seu programa.

